

UNIDADE DIDÁCTICA: A CAPACIDADE SIMBÓLICA E A ESTÉTICA FILOSÓFICA

1. INTRODUCCIÓN

Nesta Unidade Didáctica traballarase a disciplina filosófica coñecida coma *estética*, así coma as distintas concepcións da beleza e doutras categorías estéticas sostidas ao longo da historia. Asimesmo, amosarase a estreita relación entre estética e arte, dando a coñecer tamén distintas visións filosóficas sobre as artes.

Estes contidos correspóndense co Bloque 6 do currículo determinado pola LOMCE para o curso de 1º de Bacharelato, adicado á *racionalidade práctica*.

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

a. Específicos:

i. Coñecer o feito de que o ser humano vive nun universo simbólico a través das teses de E. Cassirer sobre a capacidade simbólica do ser humano e a definición do home coma animal simbólico.

ii. Comprender que é a estética filosófica.

1. Manexar os conceptos básicos relacionados con esta disciplina, así coma poder identificar as concepcións de beleza e doutras categorías estéticas co seu correspondente autor ou período histórico.

iii. Entender as diferentes perspectivas sobre o concepto de arte e saber facer relacións entre estas e distintas concepcións da beleza e o seu correspondente período histórico.

iv. Manexar o concepto de creatividade:

1. Aprender as ideas de H. Poincaré sobre o proceso creativo, formalizado en catro pasos por G. Wallas.

2. Comprender a relación da arte, a través do concepto de creación, e en base ao concepto deleuziano de "resistencia", con disciplinas coma a ética, a política ou a concepción da realidade.

v. Ser quen de explicar a visión filosófica de diferentes expresións artísticas dos seguintes autores capitais da Historia da Filosofía.

1. Filosofía e literatura: Platón, Agostiño de Hipona, Voltaire e Sartre.

2. Filosofía e artes figurativas: Platón, Hume, Kant, Schelling, Nietzsche e Adorno.

3. Filosofía e música: os pitagóricos, Schopenhauer, Nietzsche e Adorno.

b. Transversais

- i. Ler e analizar textos filosóficos identificando a problemática concreta da que trata e as posibles solucións propostas nel (se as houbese), así coma abstraer e extrapolar, se fose pertinente, tal problemática a outros ámbitos e períodos históricos.
- ii. Construir argumentacións claras e ben orientadas sobre temas ou conflitos filosóficos, sendo quen de elaborar unha opinión crítica e persoal ao respecto.
- iii. Ter unha visión global das problemáticas propiamente filosóficas, asociándoas ós períodos históricos nos que foron formuladas, e ser quen de dialogar sincrónica e diacrónicamente con elas.

3. CONTIDOS DE APRENDIZAXE

a. Conceptuais

- i. A capacidade simbólica do ser humano.
 1. O signo e o símbolo.
 2. E. Cassirer: a capacidade simbólica do ser humano, definición do home como "animal simbólico" e concepto de "universo simbólico".
- ii. A estética filosófica.
 1. Definición da disciplina.
 2. Experiencia estética.
 3. Obxecto estético.
 4. Actitude estética.
 5. Fases da experiencia estética.
 6. Xuicio estético.
 7. O gusto
 8. Principais paradigmas estéticos na historia.
 9. A beleza como principal categoría estética.
 10. Outras categorías estéticas.
- iii. A arte.
 1. Definición e diferentes concepcións da arte: arte como mimese, arte coma expresión, arte coma forma, arte coma realidade imaxinativa.
 2. A creatividade:
 - 2.1. Proceso creativo e creatividade.

2.2. Fases do proceso creativo segundo a formulación de G. Wallas en base ás reflexións de H. Poincaré.

2.3. Creación como base da construción da relación entre arte, ética, política e concepción da realidade, a partir do concepto deleuziano de "resistencia".

iv. A relación entre arte e filosofía.

1. Filosofía e literatura: reflexións filosóficas en torno á literatura:

1.1. Platón: valor pedagóxico.

1.2. Agostiño de Hipona: valor autobiográfico-exemplar.

1.3. Voltaire: valor da cautela e da precaución.

1.4. Sartre: valor do compromiso.

2. Filosofía e artes figurativas: reflexións filosóficas en torno ás artes figurativas:

2.1. Platón: arte como mímese.

2.2. Hume: arte como sentimento.

2.3. Kant: arte como libre xogo da imaxinación.

2.4. Schelling: arte como reconciliación.

2.5. Nietzsche: arte como produción de aparencias necesarias para a vida.

2.6. Adorno: arte como autonomía creadora.

3. Filosofía e música: reflexións filosóficas en torno á música:

3.1. Pitagóricos: valor de interpretación do universo.

3.2. Schopenhauer: valor da revelación da esencia do mundo.

3.3. Nietzsche: valor cognoscitivo e ético.

3.4. Adorno: valor da autonomía e tipos de ouvintes.

b. Procedimentais

i. Analizar fragmentos de pensadores relevantes na historia da filosofía que consistan en reflexións sobre as artes.

ii. Ser quen de relacionar determinadas ideas sobre a arte ou a estética coa súa época e contexto correspondente.

iii. Relacionar as propostas de cada autor coas do resto de autores e coas propias ou paradigmáticas doutros momentos históricos.

c. Actitudinais

i. Facerse consciente da constitución simbólica propia do universo no que vive o ser humano, e ser quen de elaborar unha valoración persoal e crítica do que

isto poda significar ou as consecuencias, tanto positivas coma negativas, que poda ter.

ii. Recoñecer e identificar as propias experiencias estéticas vividas, e analizar o sentimento que se está ou estivo a experimentar, así como ser conscientes das fases polas que se pasou.

iii. Reflexionar e alcanzar a constitución dun criterio persoal, ou no seu defecto a adhesión a algún mencionado na clase, sobre a cuestión de que é a arte, ou que debería ser.

iv. Valorar a importancia da arte e das experiencias estéticas na vida dos seres humanos.

4. SECUENCIA DE ACTIVIDADES

a. Temporalización:

i. Primeira sesión: *Os símbolos e a capacidade simbólica.*

1. Antes de comezar, explicaraselles aos alumnos que, ao longo do tempo que dure a exposición desta Unidade Didáctica, deberán ir confeccionando un "caderno de estética". Aquilo que deberá incluír tal caderno obrigatoriamente, así coma os datos que a maiores poderán introducir nel os alumnos voluntariamente, está recollido no apartado de técnicas de avaliación.

2. Introducción da sesión mediante a explicación das nocións de signo, significante, significado, signos naturais, signos convencionais e símbolos. A maioría destes conceptos serán introducidos a través de preguntas formuladas ao alumnado e guiadas polo docente (por exemplo, tras explicar a noción de signo, significante e significado, preguntárase se eles atopan algunha diferenza sustancial entre o fume coma signo de lume e a cruz coma signo do cristianismo; desta maneira, e guiando as respostas, chegarase á distinción entre signos naturais e signos convencionais, e así á de símbolo; este procedemento repetirase continuamente ao longo das sesións, e ao quedar xa aquí plasmado prescindirei de comentalo nos seguintes apartados). Constatárase a importante presenza dos símbolos na vida do ser humano e explicarase a relación simbólica que este mantén co mundo.

3. Explicación as teses de E. Cassirer sobre a capacidade simbólica do ser humano, e a súa definición de home como "animal simbólico", así coma as implicacións que isto ten.

4. Entrega, en relación co concepto de "civilización" utilizado por Cassirer, dunha liña cronolóxica dividida nos principais períodos históricos polos que atravesou a civilización humana e algúns fitos de especial relevancia que constituísen un punto de inflexión.

5. Cara ao final da sesión, plantexamento ao alumnado da pregunta: *¿É realmente a capacidade simbólica exclusiva do ser humano?*. Tras un ou dous minutos nos que os alumnos expresarían a súa opinión de maneira

esquemática, proxectarase un breve anaco do documental sobre a gorila Koko, e tras isto abrírase un pequeno debate sobre a capacidade simbólica e a exclusividade ou non exclusividade do ser humano de posuíla.

ii. Segunda sesión: *A estética filosófica.*

1. Exposición fiada dos conceptos de estética, experiencia estética, obxecto estético, as fases da experiencia estética, goce estético e actitude estética.
2. Presentación da beleza como principal categoría estética, e explicación das dúas grandes posturas que se mantiveron na historia con respecto a ela; a obxectivista e a subxectivista. Ademais, explicación dos conceptos de xuízo estético e gusto.
3. Entrega dun eixo cronolóxico complementario ao entregado na sesión anterior, no que virán esquemáticamente explicados os conceptos de beleza paradigmáticos correspondentes a cada período histórico. Haberá unha particularidade con respecto ao eixo anterior; neste, haberá algúns ocos en branco, que o alumnado terá que cubrir na clase atendendo a explicación que o docente fará inmediatamente despois de entregar o esquema.
4. Explicación das principais concepcións da beleza e introdución doutras categorías estéticas relevantes (coma o sublime) mantidas nos diferentes períodos históricos (Antigüidade, Idade Media, Modernidade e Ilustración, Romanticismo e século XIX, séculos XX e XXI).
5. Ao final da clase, recollida dos eixos completados polo alumnado, para que o docente poda corrixilos e entregárllos de novo na seguinte sesión. Ademais, tamén ao final da clase, plantexaráselles aos alumnos unha actividade que deberán realizar na casa e entregar na seguinte sesión: deben seleccionar unha obra de arte que pertenza a un dos períodos históricos recollidos no eixo e explicados na clase, e comentar, por unha banda, a posible relación desta obra (contido, forma, etc.) coa concepción de beleza mantida no seu contexto, e por outra banda, facer unha sorte de xuízo estético, ou ao menos expresar unha opinión e valoración persoal ao respecto dela. Con esta tarefa preténdese que o alumnado repase os contidos recibidos nesta segunda sesión, e que se vaia introducindo na materia da terceira sesión: a arte.

iii. Terceira sesión: *A arte e a creación artística.*

1. Recollida das tarefas encargadas ao alumnado na sesión anterior, e devolución do eixo que completaron corrixido.
2. Establecemento do estreito vínculo entre estética e arte; explicación dos conceptos de beleza natural e beleza artística.
3. Plantexamento ao alumnado da pregunta: *¿Que é a arte?* A continuación, e durante uns minutos, os alumnos expresan as súas opinións, sendo guiados polo docente, que vai poñendo obxeccións ás súas definicións.
4. Unha vez rematadas as intervencións dos alumnos, exponse que, ao longo da historia, existiron numerosas concepcións da arte. Entrégase un

tereciro eixo complementario dos entregados nas dúas sesións anteriores: neste caso, trátase dalgunhas concepcións da arte enmarcadas no seu contexto histórico e, de novo, hai algúns ocos en branco que os alumnos deben completar ao longo da exposición inmediatamente posterior que fará o profesor.

5. Desenvolvemento da explicación de catro concepcións da arte: arte como imitación, arte como expresión, arte como forma, arte como realidade imaxinativa. Estas contextualízanse e danse algúns exemplos de obras que respondan a cada un dos criterios.

6. Unha vez expostas as diferentes concepcións da arte, chamarase a atención sobre o feito de que, ata agora, só se ten tratado a estética e a arte dende o punto de vista do espectador. A continuación tratarase o punto de vista do creador da obra.

7. Exposición dos conceptos de creación e creatividade. Enlácese isto cunha breve exposición das fases do proceso creativo formuladas por G. Wallas a partir das reflexións de H. Poincaré: preparación, incubación, iluminación ou inspiración e verificación.

8. Plantexamento da pregunta polo valor da creación artística. A continuación, introdución do concepto deleuziano de "resistencia": crear es resistir. Para explicar isto, vólvese ao concepto de universo simbólico de Cassirer, e se expón a determinación que algunhas partes das formas simbólicas causan ao suxeito, explicando a arte e a creación coma modo de apertura dunha brecha que nos conecta co mundo que poderíamos chamar "físico", ou mellor, o "mundo dos corpos". A continuación, explicación da relación de todo isto coa ética, e tamén coa política, e exemplificación a través da descrición dunha situación real e cercana a eles en relación co tema.

9. Recollida dos eixos completados ao final da sesión, e entrega dun fragmento de texto para cada dous alumnos. Estes terán que lelo na casa, para a realización dunha actividade na quinta sesión (os fragmentos veñen especificados no subapartado b deste apartado).

iv. Cuarta sesión: *visita ao CGAC*

Realizarase esta visita para que os alumnos podan apreciar obras de arte contemporáneo, e comparar o que nela se lles diga co exposto na clase sobre estética, concepcións da arte e quizais incluso co proceso de creación artística. Ademais, o alumnado deberá recoller no seu "caderno de estética" o aprendido nesta visita, así coma as súas reflexións persoais ao respecto.

v. Quinta sesión: *Arte e filosofía (I)*

1. Devolución ao alumnado dos eixos completados corrixidos. Entrega dun cuarto e último eixo, no que se recollen, colocados no seu correspondente período histórico, os pensadores que se explicarán nesta sesión, figuras relevantes da filosofía que reflexionaron sobre a arte, e unha ou dúas liñas que resuma o seu pensamento ao respecto disto. De novo, o eixo ten ocos que o alumnado deberá completar.

2. Exposición breve da relación existente entre a filosofía e a arte.

3. Explicación breve da relación entre a filosofía e a literatura. Levarase a cabo unha actividade na que o profesor explicará unha serie de pensadores e as súas consideracións filosóficas ao respecto da literatura; tras a breve explicación do autor, do que non se da o nome, senon só a época, pregúntase ao alumnado con que fragmento de texto (ese fragmento que se repartiran na cuarta sesión) se corresponde o que acaba de explicar. Deste xeito, a parella á que lle tocara o fragmento do autor do que se acaba de tratar, debe levantar a man, dicir o nome do autor, e ler o breve fragmento en alto. Os autores a tratar serán: Platón (fragmento sobre o valor pedagóxico da literatura), Agostiño de Hipona (valor autobiográfico-exemplar), Voltaire (valor da cautela e da precaución) e Sartre (valor do compromiso).

4. Exposición da relación entre a filosofía e as artes figurativas. O procedemento da actividade que se fará a continuación será o mesmo ca o do tema da filosofía e a literatura. Neste caso, os autores e ideas a tratar serán, nesta sesión: Platón (arte como mímese), Hume (arte como sentimento) e Kant (arte como libre xogo da imaxinación). O resto de autores que se exporán como exemplo de reflexión sobre as artes figurativas, por falta de tempo, trataranse na seguinte sesión.

5. Ao final da sesión, recolleranse os eixos completados polos alumnos.

vi. Sexta sesión: *A filosofía e a arte (II)*

1. Continuación da actividade de exposición de pensadores que reflexionaron sobre as artes figurativas. Estes serán: Schelling (arte como reconciliación), Nietzsche (arte como produción de aparencias necesarias) e Adorno (arte como autonomía creadora).

2. Exposición da relación entre filosofía e música. Repítese o procedemento da anterior actividade cos autores que se exporán como exemplo de reflexións sobre a música. Estes serán: os pitagóricos (valor de interpretación do universo), Schopenhauer (valor de revelación da esencia do mundo), Nietzsche (valor cognoscitivo e ético) e Adorno (valor da autonomía e tipos de ouvintes).

3. Recollida, unha vez completada a actividade e finalizada a sesión, dos eixos completados polos alumnos.

vii. Séptima sesión: *Proba final*

A proba final constará das seguintes partes (a puntuación que corresponde a cada parte está especificada ao lado de cada actividade, entre paréntesis e en negriña):

1. Un pequeno fragmento (dos que se trataron na clase) que constitúan unha reflexión ou ben sobre a literatura, ou ben sobre as artes figurativas, ou ben sobre a música. No fragmento non figurará ningunha información sobre o autor, a obra ou a época na que foi redactado. O alumno debe realizar, en base a este fragmento, as seguintes tarefas:

1.1. Identificar autor e obra, e desenvolver un breve contexto histórico (situar ao autor e ao fragmento nun período histórico). **(1 punto)**

1.2. Explicar brevemente a concepción da beleza da época (e doutras categorías estéticas se as houbese). **(1 punto)**

1.3. Explicar brevemente a concepción da arte da época. **(1 punto)**

1.4. Comentar brevemente o texto e as ideas que nel se expoñen **(2 puntos)**

2. Unha pregunta de redacción, na que se integren os conceptos estética, experiencia estética, obxecto estético, actitude estética, fases da experiencia estética (as fases deben ser nomeadas), gusto e beleza. (NOTA: independentemente de arredor de que se constrúa a redacción, debe darse conta de que se comprenden perfectamente os conceptos mencionados, de maneira que unha posible maneira de realizar o exercicio e unha definición e relación fiadas de todos ese conceptos; sen embargo, e aínda que entrañe unha maior dificultade, o alumno poderá realizar un exercicio creativo, na forma literaria que desexe, sempre e cando demostre na redacción que comprende, coñece e ten asimilados os termos) **(2.5 puntos)**

3. Definición dalgúns termos estudados na unidade, por exemplo:

3.1. Signo **(0.5 puntos)**

3.2. Símbolo **(0.5 puntos)**

3.3. Mímese **(0.5 puntos)**

3.4. Creatividade **(0.5 puntos)**

3.5. Resistencia **(0.5 puntos)**

b. Textos que se utilizarán.

Para a actividade das dúas últimas sesións, utilizaranse os seguintes fragmentos de textos:

i. Filosofía e literatura:

1. Fragmento de PLATÓN, *República*.

2. Fragmento de AGUSTÍN DE HIPONE, *Confesiós*.

3. VOLTAIRE; "Fábula", en *Diccionario Filosófico*.

4. Fragmento de SARTRE, *Que é a literatura?*

ii. Filosofía e artes figurativas:

1. Fragmento de PLATÓN, *República*.

2. Fragmento de HUME, "A norma do gusto", en *Ensaio morais, políticos e literarios*.

3. Fragmento de KANT, *Crítica do xuízo*.

4. Fragmento de SCHELLING, *Sistema do idealismo trascendental // A relación da arte coa natureza.*
5. Fragmento de NIETZSCHE, *Fragmentos póstumos.*
6. Fragmento de ADORNO, *Teoría estética.*

iii. Filosofía e música:

1. Fragmento de SCHOPENHAUER, *O mundo como vontade e representación.*
2. Fragmento de NIETZSCHE, *Ecce homo.*
3. Fragmento de ADORNO, *Impromptus.*

5. INTERDISCIPLINARIEDADE

a. Literatra Universal

Esta asignatura sitúase, no currículo da LOMCE, no curso de 1º de Bacharelato na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, e tamén na de Artes A relación entre a unidade adicada á estética e a historia da literatura é evidente, sobre todo as reflexións de diversos pensadores acerca da literatura, o cal pode enriquecer considerablemente o estudo da materia de Literatura Universal.

b. Fundamentos da Arte I e Debuxo Artístico I

Correspondentes, no currículo da LOMCE, ao 1º curso de Bacharelato, a primeira na modalidade de artes e a segunda coma optativa con posibilidade de ser escollida polos alumnos de calquera modalidade. De novo, a relación entre esta materia e a unidade sobre estética podería ser de enriquecemento mutuo, sobre todo o relacionado coas reflexións filosóficas sobre as artes figurativas.

c. Análise Musical I e Linguaxe e Práctica musical

Ambas as dúas materias optativas para calquera modalidade do 1º curso de Bacharelato. Coma nas anteriores, os contidos da unidade de estética, sobre todo neste caso as reflexións dalgúns pensadores sobre a música, poden resultar de grande interese e enriquecemento para estas materias, e viceversa.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O alumnado será avaliado en función do seu grao de adquisición das seguintes competencias:

- a. Coñecer o feito de que o ser humano vive nun universo simbólico a través das teses de E. Cassirer sobre a capacidade simbólica do ser humano e a definición do home coma animal simbólico.
- b. Comprender que é a estética filosófica e manexar os conceptos básicos relaiconados con esta disciplina, así coma poder identificar as concepcións de

beleza e doutras categorías estéticas co seu correspondente autor ou período histórico.

c. Entender as diferentes perspectivas sobre o concepto de arte e saber facer relacións entre estes e distintas concepcións da beleza e o seu correspondente período histórico.

d. Manexar o concepto de creatividade: aprender as ideas de H. Poincaré sobre o proceso creativo, formalizado en catro pasos por G. Wallas, e comprender a relación da arte, a través do concepto de creación, con disciplinas coma a ética, a política ou a concepción da realidade.

e. Ser quen de explicar a visión filosófica das artes de autores coma Platón, Hume, Kant, Schelling, Nietzsche ou Adorno, e tamén de comentar a relación entre a filosofía e as diferentes expresións da arte, a saber, literatura, artes figurativas e música, lendo e comprendendo textos de autores como Platón, Agostiño de Hipona, Hume, Kant e Nietzsche entre outros.

f. Construír argumentacións claras e ben orientadas sobre consideracións persoais acerca da arte ou de obras de arte, sendo quen de elaborar unha opinión crítica e persoal ao respecto.

g. Ter unha visión global das principais correntes e concepcións estéticas e da arte, asociándoas ós períodos históricos nos que foron formuladas, e ser quen de dialogar sincrónica e diacrónicamente con elas.

7. TÉCNICAS DE AVALIACIÓN

Poderase obter, nesta unidade didáctica, unha nota máxima de 10 puntos.

a. A actividade de recheo dos ocos dos eixos cronolóxicos durante as clases nos que se entreguen suporá un 10% do total da nota desta unidade, é dicir, 1 punto dos 10 que constitúen a nota máxima. Haberá dez ocos a rechear en total, no conxunto dos tres eixos, contando cada oco completado correctamente 0.1 puntos.

b. A redacción sobre unha obra de arte que se debe entregar na terceira sesión contará un 10% sobre o total da nota da unidade. A adecuación e acerto da relación da obra cos criterios estéticos e de beleza da época na que se enmarca poderá ser puntuada até con 0.5 puntos, sendo esta a puntuación máxima; a valoración persoal e a súa correcta argumentación ou fundamentación poderá ser puntuada tamén até con 0.5 puntos. Se esta redacción non se entrega, haberá unha penalización de 0.5 puntos que se restarán da nota final da unidade.

c. A realización do traballo de lectura do fragmento que corresponda, así como a correcta identificación do autor do fragmento co autor que describa o docente ao longo da sesión correspondente (sesión quinta e sexta), contará un 10% da nota total da unidade, a saber, poderá ser puntuada cun máximo de 1 punto.

d. O caderno de estética deberá conter, **obrigatoriamente**, o seguinte:

- O explicado durante a visita ao CGAC, así como unha valoración persoal ao respecto do alí visto e aprendido.
- Unha reseña de dúas visitas máis a outros dous museos a elixir polo alumnado dunha lista que se lles entregará previamente.
- Unha serie de comentarios e breves apuntes sobre cada sesión desta Unidade Didáctica.

Ademais, poderase incluír **de xeito voluntario** a seguinte información:

- Aquilo que eles desexen que estea en relación coa arte en xeral; dende disertacións e reflexións propias a recortes de obras ou referencias a obras de arte que lles gusten ou mesmo que rexeiten, etc. Terá aquí cabida, en definitiva, toda reflexión ou xuízo sobre calquera manifestación artística que o alumnado considere oportuno (serie de televisión, película de cine, fotografía, vídeo, novela, poesía, exposición, representación teatral, música...), ou sobre calquera obxecto do que teñan tido unha experiencia estética, ou que consideren como posible obxecto estético.

A realización da parte obrigatoria deste caderno contará un 20% do total da nota, é dicir, poderá ser puntuada con até un máximo de 2 puntos. Se este caderno non se entrega, ou falta algún dos puntos que obrigatoriedade se debería ter introducido, haberá unha penalización de 0.5 puntos que se restarán da nota final da unidade. Por outra banda, a realización da parte voluntaria do caderno pode sumar até 1.5 puntos a maiores sobre o total da nota.

e. O exame que se realizará ao final da unidade contará un 50% do total da nota da unidade. Será necesario superar esta proba, é dicir, acadar nela unha nota mínima de 5 puntos, para aprobar a unidade.